 - d) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión ambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.*
 - e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.*
 - f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.*
- 7º) Documentación adicional esixida a todas as empresas estranxeira. As empresas estranxeiras, nos casos en que o contrato se vaia executar en España, deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.*
- 8º) Domicilio: Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia poderá ser complementada indicando un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono e Fax.*

9) *Empresas que teñan no seu equipo persoas con incapacidade ou en situación de exclusión social. Os licitadores que pretenda contar para a adxudicación coa preferencia regulada na disposición adicional 6ª da LCSP, deberán os documentos que acrediten que, ao tempo de presentar a súa proposición, ten no seu equipo un número de traballadores con incapacidade superior ao 2 por 100 ou que a empresa licitadora está dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social, xunto co compromiso formal de contratación a que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público.*

B) O SOBRE Nº 2. Conterá a oferta económica na que se expresará o prezo de execución do contrato debendo figurar como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido. A oferta económica presentárase conforme ao modelo que se incorpora como anexo I.

Así mesmo se incluírá declaración das empresas sobre o número de persoas a ocupar con ocasión da execución do contrato e o número estimado de xornadas laborais necesarias

15. Prazo de presentación das proposicións e demais os seus requisitos.

As proposicións presentáranse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, así como do proxecto e do prego de prescricións técnicas, sen salvidade ou reserva ningunha.

As proposicións serán secretas e arbitraránse os medios que garantan tal carácter ata o momento en que deba procederse á apertura en público destas.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

16. Criterios para a adxudicación do contrato.

A baixa ofertada se valorará a razón de 1 punto por cada 100,00 € (I.V.E. excluído) de baixa.

As melloras de obra ofertadas se valorarán a razón de 10 puntos por cada 100,00 € (I.V.E. excluído) de mellora.

O volume de man de obra ocupada se valorará a razón de 1 punto por cada xornada laboral garantida.

17. Variantes.

Os licitadores non poderán propoñer variantes ou melloras ao proxecto.

18. Criterios para a consideración de que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados.

Considerarase que a oferta contén valores anormais ou desproporcionados nos seguintes casos:

a) Se o contrato debe adxudicarse tendo en conta un único criterio de valoración, cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

b) Cando a adxudicación se deba facer tendo en conta máis dun criterio de adxudicación, sempre que o prezo ofertado sexa inferior nun 10% á media do total dos ofertados.

19. Confidencialidade.

Sen prexuízo das disposicións da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, relativas á publicidade da adxudicación e á información que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar

como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos segredos técnicos ou comerciais e aos seus aspectos confidenciais. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos dende o coñecemento desa información, salvo que os pregos ou o contrato establezan un prazo maior.

20. Revisión de Prezos:

Por aplicación do disposto no artigo 77.1 da Lei en relación coa cláusula 7 non existe revisión de prezos.

21. Apertura da documentación e das proposicións.

a) Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, a mesa de contratación estará formada por:

- Tres membros da corporación, un por cada grupo político.*
- O secretario do concello.*
- O técnico municipal.*

Será presidida polo membro do concello da maior rango dos asistentes. Formará parte da mesa como secretario, con voz pero sen voto, un traballador dos servizos administrativos do concello.

A cualificación da documentación presentada a que se refire o artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de Outubro, de Contratos do Sector Público, efectuarase pola mesa de contratación constituída ao efecto. O Presidente ordenará a apertura dos sobres que a conteñan, e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren en cada un deles.

b) Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións resarcibles na documentación que se inclúe no sobre nº 1, comunicarao verbalmente aos interesados, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia mesa de contratación.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

c) Unha vez cualificada a documentación e emendados, se é o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada a mesa declarará admitidos á licitación aos licitadores que acreditaran o cumprimento dos requisitos previos indicados no artigo 130 da Lei procedéndose, no seu caso, ao exame e valoración da solvencia, conforme se prevé no artigo 82 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

d) Unha vez realizadas estas actuacións, o acto público de apertura das proposicións celebrárase no lugar e día que previamente se sinalara observándose no seu desenvolvemento as formalidades previstas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Cando na adxudicación se deban ter en conta varios criterios de valoración das ofertas, antes de comezar o acto público en que se abran as ofertas económicas darase lectura á valoración dos aspectos técnicos das proposicións a que se refire a documentación contida no sobre núm. 3.

22. Adxudicación provisional e definitiva.

A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada e publicarase conforme ao establecido nos artigos 42 e 135.3 da Lei de Contratos do Sector Público.

En todo caso, a adxudicación provisional dos correspondentes contratos deberá efectuarse no prazo máximo de 20 días naturais, contados dende que finalice o prazo de presentación de proposicións.

Para que a adxudicación provisional sexa elevada a definitiva, o adxudicatario deberá presentar a seguinte documentación:

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluíra ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida. Cando así admítase, a constitución destas garantías poderá acreditarse por medios electrónicos, informáticos ou cando se esixa expresamente conforme ao disposto no artigo 53.2 da Lei, a documentación acreditativa de que o adxudicatario dispón dos medios materiais e persoais que especificamente deba adscribir á execución do contrato.

A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva mediante resolución motivada dentro dos cinco días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo establecido no artigo 135.4, parágrafo primeiro.

Cando os licitadores concorran en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá achegarse antes da formalización do contrato.

Igualmente, cando se esixa ao adxudicatario que concerte algún tipo de seguro, antes da formalización do contrato, deberá achegarse a póliza correspondente.

23. Responsable do contrato, dirección da obra e delegado da obra.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 41 da Lei de contratos do sector público.

O Director de obra que se designe polo órgano de contratación exercerá as funcións de dirección, inspección, comprobación e vixilancia necesarias para a correcta execución da obra contratada. O Director das obras poderá estar auxiliado polo persoal que o órgano de contratación designe.

O Delegado de obra do contratista deberá ser un técnico titulado, con experiencia acreditada en obras de similar natureza ás que son obxecto deste contrato.

24. Comprobación do reformulo e programa de traballos.

No prazo de quince días naturais como máximo, contados a partir da data de formalización do contrato deberá realizarse o reformulo e estenderse a acta relativa a este.

O adxudicatario deberá presentar un programa de traballos para que sexa aprobado polo órgano de Contratación. O devandito programa deberá presentarse en prazo non superior a quince días naturais dende a formalización do contrato e desenvolverá o presentado coa súa proposición, que non poderá modificar ningunha das condicións contractuais. Á vista deste, o órgano de contratación resolverá sobre a súa aplicación, incorporándose ao contrato.

25. Plan de seguridade e saúde no traballo.

No prazo de quince días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao Órgano de contratación o Plan de seguridade e saúde no traballo, que será informado no prazo de cinco días naturais sobre a procedencia da súa aprobación.

En todo caso, o prazo máximo para a aprobación do Plan de seguridade e saúde no traballo será dun mes dende a sinatura do contrato. Se, por incumprir o contratista os prazos indicados no parágrafo anterior, non fose posible empezar as obras ao recibir autorización para o seu inicio, non poderá reclamar ampliación ningunha de prazo por este motivo.

26. Prazos.

O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a realización do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se establecesen, que comezarán a contar para o adxudicatario a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación do reformulo.

27. Réxime de pagamentos.

O pagamento efectuarase mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados que se aborarán de conformidade co establecido nos artigos 200 e 215 da Lei de Contratos do Sector Público e 147 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De conformidade co disposto no artigo 9.5 do Real Decreto- Lei 9/2008, do 28 de novembro, os concellos terán a obriga de aboar aos contratistas o prezo das obras dentro dos trinta días naturais seguintes á data de expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización parcial ou total do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para que as obras se executen no prazo ou prazos contractuais, salvo que, a xuízo da Dirección das obras, existisen razóns para consideralo inconveniente. Non obstante, non terá dereito a percibir en cada ano, calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. As certificacións así expedidas só devengarán intereses por demora dende a data sinalada no artigo 152 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O contratista terá dereito a percibir tamén abonos a conta nos termos establecidos nos artigos 200.3 da Lei de Contratos do Sector Público e 155 e 156 do Regulamento. En todo caso, esixiráselle a constitución de garantía en forma de aval, ou outra admitida pola Lei.

28. Condicións especiais de execución.

Será condición de execución do contrato a que se refire este prego, de conformidade co disposto no artigo 9.2 do Real Decreto- Lei 9/2008, do 28 de novembro, que o novo persoal que o contratista necesite empregar para a execución de obras se atope en situación de desemprego.

- Adscrición de medios persoais e materiais á execución das obras,

- Empregar na execución do contrato unha porcentaxe de traballadores incapacitados igual ou superior ao 1%, sempre que a dispoñibilidade do mercado laboral da construción o permita, executar a obra cumprindo estrictamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais, de tal forma que, sen prexuízo das responsabilidades en que se poida incorrer por infracción das devanditas normas, entenderase incumplido de xeito esencial o contrato cando con ocasión da execución da obra e no período dun ano se impoñan pola Autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais, obriga de subcontratar unha parte da obra).

29. Penalidades.

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

a) Por incumprimento das condicións especiais de execución. O incumprimento de calquera das condicións de execución establecidas neste prego dará lugar á imposición ao contratista das seguintes penalidades:

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do importe de adxudicación do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- Faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da Lei de Contratos do Sector Público.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ao tempo da recepción das obras.

Cando o incumprimento se refira á contratación de persoal nos termos indicados na cláusula anterior, será considerada como infracción moi grave aos efectos previstos no artigo 102.2 da Lei de Contratos do Sector Público sempre que o incumprimento supoña unha contratación de nova man de obra que non se atopase en situación de paro superior ao 50% do total da contratada como nova.

b) Por cumprimento defectuoso. Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se, ao tempo da recepción, as obras non se atopan en estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será unha 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá o contratista da obriga que legalmente incúmbelle en canto á reparación dos defectos.

c) Por incumprir criterios de adxudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se, durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, se aprecia que, por causas imputables ao contratista, se incumpriu algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta, en especial os relativos ao volume de man de obra a utilizar na execución do contrato.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será unha 1% do presuposto do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

d) Por demora. Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en demora, tanto en relación co prazo total coma cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 196 da Lei de Contratos do Sector Público en canto á imposición destas penalidades.

30. Subcontratación.

O contratista poderá subcontratar parcialmente a execución da obra ata un límite do -- por 100. (Pode non establecerse límite ou excluír a posibilidade de subcontratar).

A subcontratación rexerase polo disposto na Lei de Contratos do Sector Público (arts. 210 e 211) e na Lei 32/2006, do 18 de Outubro, Reguladora da subcontratación no sector da construción.

En todo caso, e de conformidade co que dispón o artigo 9.5 do Real Decreto- Lei 9/2008, do 28 de novembro, os contratistas deberán aboar aos subcontratistas o prezo pactado polas prestacións a realización das cales lles encomendaran no prazo máximo de trinta días naturais, computado dende a data de aprobación polo contratista principal da factura emitida polo subcontratista ou subministrador.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 210.2 da Lei de Contratos do Sector Público ou o límite máximo especial establecido para a subcontratación imporase a penalidade regulada no artigo 210.3, con suxeición ao seguinte:

- *Farase efectiva mediante deducción das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 196.8 da LCSP.*

Como regra xeral, a súa contía será unha 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un 10% ou ata o máximo legal do 50%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

31. Cumprimento do contrato.

A recepción do contrato rexerese polo establecido no artigo 218 da Lei de Contratos do Sector Público e nos artigos 163 e seguintes do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

O rexeitamento final das obras, debendo o contratista restituír á súa situación inicial as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas.

O cumprimento non defectuoso do contrato

O cumprimento dos criterios de adxudicación.

O cumprimento das condicións de execución.

Durante a execución do contrato a empresa adxudicataria informará ao órgano de contratación mediante a presentación da correspondente declaración acreditativa dos postos de traballo creados así como das altas de novos traballadores e das baixas que se produzan.

32. Resolución do contrato.

A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 205 a 208 da Lei de Contratos do Sector Público e especificamente para o contrato de obras nos artigos 220 a 222 da devandita Lei, así como nos artigos 109 a 113 e 172 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

En particular considerarase causa de resolución de contrato o suposto de incumprimento da condición de execución establecida na cláusula 28 no seu primeiro parágrafo cando este se deba considerar como moi grave de conformidade co establecido na cláusula 29.1 no seu último parágrafo.

En todo caso en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista estarase ao disposto no artigo 208.4 da Lei.

33. Prazo de garantía.

O prazo de garantía será de un ano e comezará a partir da data da recepción.

Durante este prazo aplicarase o establecido no artigo 167 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en canto ás obrigas do contratista, así como no relativo á facultade da Administración de, en caso de incumprimento, executar a custa daquel os traballos necesarios para a conservación da obra.

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán de conta do contratista non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto. Exceptúanse os danos ocasionados na obra por forza maior, que serán soportados pola Corporación, se ben esta terá a facultade de esixir ao contratista que realice as obras de reparación.

34. Liquidación

Transcorrido o prazo de garantía a que se refire a cláusula anterior procederase á liquidación do contrato conforme ao disposto no artigo 179 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

35. Xurisdición.

As cuestións que poidan formularse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación. Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnados ante a Xurisdición contencioso- administrativa..

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte de abril de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día catro de marzo de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CATRO DE MARZO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día catro de marzo de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente da obra que se indica, e a proposta da mesa de contratación, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudicar a obra de Rexeneración do camiño de Pousa a Lourente á empresa OPAGA 003, S.L., con N.I.F. número B-27.289.065 representada por D. Javier Fernández Castaño con D.N.I. número 33.327.104-N polo prezo ofertado de corenta e un mil euros con setenta e un céntimos (41.000,71 €).*

2.- *A empresa adxudicataria realizará obras complementarias sen cargo para o concello por un valor, a prezos de proxecto, de seiscentos quince euros con un céntimo (615,01 €).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente da obra que se indica, e a proposta da mesa de contratación, propono á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudicar a obra de Rexeneración de camiños en Ferreiros, A Zapateira (Cereixa), Ferreirúa de Abaixo e Lourente á empresa OPAGA 003, S.L., con N.I.F. número B-27.289.065 representada por D. Javier Fernández Castaño con D.N.I. número 33.327.104-N polo prezo ofertado de trinta e dous mil oitocentos vinte euros con cincuenta e cinco céntimos (32.820,55 €).*

2.- *A empresa adxudicataria realizará obras complementarias sen cargo para o concello por un valor, a prezos de proxecto, de catrocentos noventa e dous euros con trinta céntimos (492,30 €).*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente da obra que se indica, e a proposta da mesa de contratación, proponho á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Adxudicar a obra de Reparación dos camiños da Lu-653 á estrada de Pousa a Ferreiros, da Lu-653 a Marcón, da Lu-652 a Lama (Eixón) e camiño en Veiga á empresa OPAGA 003, S.L., con N.I.F. número B-27.289.065 representada por D. Javier Fernández Castaño con D.N.I. número 33.327.104-N polo prezo ofertado de dezasete mil douscentos catro euros con trinta e oito céntimos (17.204,38 €).

2.- A empresa adxudicataria realizará obras complementarias sen cargo para o concello por un valor, a prezos de proxecto, de Douscentos cincuenta e oito euros con sete céntimos (258,07 €).

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a trinta de abril de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de marzo de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día trinta e un de marzo de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- PERSOAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito da interesada e o establecido na lexislación vixente, propono que se adopte o acordo seguinte:

- Conceder á funcionaria interina D^{na}. María José López Morgade unha licenza sen retribución por un período dun mes, do un ao trinta e un de maio (ámbolos dous incluídos) ao abeiro do disposto no artigo 74.2 da Lei da Función Pública de Galicia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito do interesado e o establecido na lexislación vixente, propono que se adopte o acordo seguinte:

- Autorizar, ao abeiro do disposto no artigo 50.Q do Convenio Colectivo do Concello da Pobra do Brollón, a D. José Simal Gándara contratado laboral do concello para flexibilizar a súa xornada laboral por atención dun fillo menor de 12 anos, adiantando nunha hora a de saída os días entre martes e venres, ámbolos dous incluídos, e traballando ditas catro horas os luns de tres e media a sete e media.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- PERSOAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello ten no seu cadro de persoal unha praza de Traballador social cuberta actualmente de xeito provisional. Sendo aconsellable que dita praza se cubra en propiedade o antes posible para dar estabilidade e ese servizo que cada vez é máis importante, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-las bases do concurso oposición para cubrir unha praza de persoal laboral fixo de Traballador Social do concello que figuran a seguir.*

2.- *Proceder á convocatoria do citado concurso oposición.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

BASES QUE HAN DE REXER A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO PARA UN POSTO DE TRABALLADOR SOCIAL.

PRIMEIRA.-Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal laboral fixo para cubrir un posto de traballo de traballador social do Concello da Pobra do Brollón, polo sistema de concurso- oposición, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello da Pobra do Brollón de 2009 publicada no BOP número 44 de data 23 de febreiro de 2009

As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e o non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e no Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función Pública de Galicia, e demais disposicións aplicables.

SEGUNDA. Publicidade

As presentes bases, xunto cos seus anexos, publicaranse integramente no BOP de Lugo, e en extracto no BOE, con indicación do nº do BOP no que foron publicadas integramente.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, publicaranse unicamente no taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello (www.pobradobrollon.com) conformidade co previsto no art. 59.13 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

TERCEIRA.- Dereitos de Exame.

Se establecen en vinte euros (20,00 €). O pagamento efectuarase na conta bancaria do concello na entidade Banco Pastor, número de conta, 0072.0204.61.0000109697).

CUARTA.- Requisitos dos aspirantes

Para ser admitido/a á realización das probas, os aspirantes deberán reunir, os seguintes requisitos referidos todos e cada un deles á data de remate d prazo de presentación de solicitudes de deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

➤ *Cidadanía:*

- *Ser cidadán español.*
- *Ser cidadán dun Estado membro da Unión Europea.*
- *Ser cónxuxe, non separado de dereito, de cidadán español ou dun Estado membro da Unión Europea.*
- *Ser descendente de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou do seu cónxuxe, non separado de dereito, menor de 21 anos ou maior que viva ás súas expensas.*
- *Ter dereito a ser empregado público en virtude de tratados internacionais realizados pola*

Unión Europea e ratificados por España no que sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

- *Ser estranxeiro con residencia legal en España.*

➤ *Idade:*

- *Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade de xubilación forzosa.*

➤ *Titulación:*

- *Estar en posesión do Título de Diplomado en Traballo Social ou Asistente Social, ou en condicións de obtelo na data en que remate a presentación de instancias. (Deberá aportar fotocopia compulsada).*
- *No suposto de invocar un título equivalente ou homologado ó esixido ou obtido no estranxeiro, deberase xustificar con certificado expedido polo organismo competente para a homologación.*

➤ *Outros:*

- *Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarse mediante certificado médico oficial.*
- *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso o emprego público. No caso de ser seleccionado para o posto, acreditarase mediante declaración formal baixo xuramento ou promesa.*
- *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades ou incapacidade previstos na lexislación vixente.*

Os requisitos anteriormente establecidos deberán posuírse polos aspirantes no momento da finalización do prazo de presentación de instancias, debendo manterse as mesmas durante todo o período selectivo, ata a formalización do contrato de traballo.

Ao mesmo tempo quen obteña o posto obxecto desta convocatoria, estará suxeito ó réxime de incompatibilidades que determinen as disposicións vixentes

QUINTA.- Dereitos de Exame.

Se establecen en vinte euros (20,00 €). O pagamento efectuarase na conta bancaria do concello na entidade Banco Pastor, número de conta, 0072.0204.61.0000109697).

SEXTA.- Presentación de instancias e documentación.

As instancias solicitando participar no proceso selectivo, dirixiranse ó Sr. Alcalde do Concello da Pobra do Brollón. Presentaranse debidamente cubertas, no Rexistro Xeral do Concello no modelo oficial que figura como anexo I desta Convocatoria e que se pode descargar da páxina web do concello, no prazo de vinte días (20) días contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Poderanse así mesmo remitir na forma determinada no artigo 38.4 da Lei 30/1192, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP E PAC)

Ás solicitudes debidamente cubertas, achegaranse os documentos que a continuación se indican:

Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento acreditativo da súa personalidade e nacionalidade.

Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 4 referidos sempre ó día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Xustificante acreditativo do aboamento de pago dos dereitos de exame.

Para a fase de concurso, os aspirantes presentarán coa solicitude relación circunstanciada dos méritos que aleguen para dita fase, uníndolle á referida relación os documentos acreditativos dos méritos alegados, debidamente cotexados e na orde na que figuren nela.

SÉTIMA.- Admisión de aspirantes, data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo dun mes pola que declarará aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

A dita resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na Páxina Web do concello.

Na publicación farase constar, apelidos, nome e número de DNI, así como se é o caso, as causas que motivaron a súa exclusión.

Os aspirantes excluídos ou omitidos nas ditas relacións disporán dun prazo de dez (10) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no BOP, conforme ó disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, par corrixir os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión das relacións de admitidos e excluídos. Se no dito prazo non se corrixen os defectos serán definitivamente excluídos da realización das probas.

No caso de non presentarse alegacións ou correccións á lista provisional, elevarase a definitiva.

A resolución pola que se aproba a lista definitiva publicarase do mesmo xeito que a provisional, determinando así mesmo lugar, data e hora de comezo das probas selectivas e composición do tribunal, e será determinante dos prazos a efectos de posible impugnacións ou recursos.

OITAVA.- Tribunal Cualificador.

O tribunal estará compostos por cinco membros e os seus correspondentes suplentes, un dos cales actuará como presidente. A súa composición se axustará ó previsto no artigo 60 do estatuto básico do empregado público. A súa composición nominal se publicará no Boletín Oficial da Provincia conxuntamente coa fixación da data do primeiro exercicio. Como secretario do tribunal actuará un empregado do concello.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no citado artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, en todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ó exercicio das especialidades técnicas.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións do tribunal, este estará clasificado na categoría b) do número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas

NOVENA.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas e programa.

De conformidade co previsto no artigo 59.6 b) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a publicación das datas de celebración dos sucesivos exercicios, das cualificacións dos mesmos e do resultado do procedemento selectivo, se publicarán no taboleiro de edictos do Concello así como na páxina web.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento que acredite de forma fidedigna a súa identidade a xuízo do tribunal.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ó que non comparezan.

Non obstante o anterior as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente primeiros días de puerperio, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames previstos nas probas selectivas, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame. A citada notificación leva consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante ós datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoñía se proceda ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Dende a total conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá de transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito (48) horas e máximo de corenta días (40) días naturais.

De cada sesión que celebre o tribunal redactarase unha acta polo/a Secretario/a do mesmo na que se farán constar as cualificacións dos exercicios dos aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

DÉCIMA.- Sistema de selección e cualificación dos exercicios

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

A puntuación máxima global será de 40 puntos.

1.- Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos dos aspirantes, que se valorarán de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes. Os méritos a que

fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data.

A puntuación máxima da fase de concurso é de 10 puntos

1.1.- Experiencia profesional:

- *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como traballador/a social ao servizo de calquera Administración Pública como contratado laboral, funcionario ou asistencia técnica. Valorase a razón de 0,05 puntos por mes completo de servizos.*
- *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como traballador/a social ao servizo de entidades privadas. Valorase a razón de 0.025 puntos por mes completo de servizos.*

Máxima puntuación a acadar neste apartado 1,50 puntos.

A xustificación deste apartado farase coa presentación de informe de vida laboral complementado con contratos de traballo ou certificado da Entidade contratante.

1.2.- Asistencia a actividades formativas.

- *Por participación en cursos, xornadas ou seminarios, impartidos por centros de formación dependentes de organismos oficiais e relacionados co posto a desempeñar, ata un máximo de 2,50 puntos. Valorarase a razón de:*
 - *Cursos de 1 a 20 horas: 0,25 puntos por curso.*
 - *Cursos de 21 a 50 horas: 0,50 puntos por curso.*
 - *Cursos de mais de 50 horas, 0,75 punto por curso.*

Este apartado xustificárase mediante diploma ou certificación da asistencia, orixinal ou copia cotexada. Os cursos onde non figuren as horas de duración computaranse como de 1 a 20 horas.

Os cursos feitos que fosen valorados na configuración de créditos para a obtención do título profesional non serán tidos en conta.

1.3.- Formación extra académica.

- *Pola realización de estudos de postgrao relacionados co posto a desempeñar, impartidos por Centros dependentes de Organismos Oficiais, 0,50 puntos por estudio ata un máximo de 0,50 puntos.*

Este apartado xustificárase mediante diploma ou certificación da asistencia, en orixinal ou copia cotexada.

1.4.- Actividade docente.

- *Por participación como docente, impartindo cursos, módulos de cursos, xornadas, seminarios ou programas relacionados co posto a desempeñar e organizados ou subvencionados por Organismos Oficiais, Universidades e Oficinas de Emprego, ata un máximo de 1,00 puntos. Valorarase a razón de 0,01 puntos por hora impartida.*

Este apartado xustificárase mediante certificados do centro ou organismo organizador da acción formativa en orixinal ou copia cotexada.

1.5.- Coñecemento de informática.

- *Por curso de aplicacións informáticas de máis de 15 horas lectivas impartidos por escolas oficiais ou organismos dependentes de formación continua, 0.20 puntos por curso.*
- *Pola realización de cursos da Aplicación Informática SIUSS (Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais) nos seus distintos niveis impartidos por escolas oficiais ou Administracións públicas. 0,50 puntos por cada un.*

Este apartado, que non excederá de 2,50 puntos, xustificárase mediante certificados do centro

ou organismo organizador da acción formativa no que figure as horas lectivas e acción formativa impartida.

1.6.- Polo coñecemento acreditado do idioma galego.

Neste apartado valorarase o coñecemento do idioma galego cunha puntuación máxima de 2,00 puntos. Soamente valorarase o grao superior alegado en cada unha das dúas columnas do cadro seguinte.

Curso	Puntos	Curso	Puntos
Iniciación ao galego ou CELGA-3	0,50	Medio de linguaxe administrativa	1,50
Perfeccionamento ou CELGA-4	1,00	Superior de linguaxe administrativa	2,00

2.- Fase de oposición:

1º Exercicio:

- *Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, e obrigatoriamente en galego, no prazo máximo de dúas horas, un tema de entre os incluídos no anexo I da convocatoria, determinado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio. Os/As aspirantes terán ampla liberdade no tocante á forma de exposición e valorarase a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e precisión na exposición. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública podendo o tribunal formular as preguntas que considere necesario.*
- *O aspirante deberá acadar un mínimo de 5 puntos para superar esta fase.*
- *Puntuación máxima 10 puntos*

2º Exercicio:

- *De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver un ou varios supostos prácticos relacionados co traballo social. Poden incluír una ou varias preguntas complementarias relativas a ditos supostos.*
- *O aspirante deberá acadar un mínimo de 5 puntos para superar esta fase.*
- *Puntuación máxima 10 puntos.*

3º Exercicio:

